

COMO INCLUIR UN ENLACE A UN VÍDEO DE YOUTUBE NUN TRABALLO

Buscamos o vídeo en cuestión, podemos buscalo en Google pero logo deberemos abrílo en Youtube para poder ***copiar a URL***, que non é máis que a dirección na que se atopa o vídeo; son as siglas en inglés de Uniform Resource Locator.

Teremos que marcala e copiala, para logo pegala no documento que queiramos.



Se este fose o meu documento vouna pegar aquí:

<https://www.youtube.com/watch?v=dNee8sw0vD8>


Ao cambiar de liña as letras que copiamos cambian a cor azul, iso quere dicir que a dirección xa está enlazada co vídeo de Youtube.

Outra cousa que podemos facer é que se acceda ao vídeo pinchando noutro sitio, por exemplo nunha imaxe ou nunha palabra.

Necesitamos igualmente a URL.

Para isto, se estamos no procesador de textos **marcamos a imaxe, ou texto** (onde queramos que abra) e imos a :

Inserir e logo a **Hiperligazón**, o que nos abre a seguinte ventá.



O que debemos facer nesta ventá é **pegar a URL**, debería facerlo con darlle só a Aceptar, pero para asegurarnos de que o fai darlle primeiro ao botón de Aplicar e logo a Aceptar.

Dependendo do programa que utilizemos, ás veces a opción de enlazar pode aparecer, unha vez de ter marcado, premendo no botón dereito do rato, ou como aparece **no correo** unha tecla que parece unha **cadea**.

